



## **MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS PP, BNG E FEC PARA INSTAR AO GOBERNO LOCAL A ABONAR AO CLUB VALDETIRES FERROL AS SUBVENCÍONS PENDENTES**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para instar ao goberno local a abonar ao club Valdetires Ferrol as subvencións pendentes.

### **Exposición de motivos**

O club Valdetires Ferrol fútbol sala feminino naceu hai tres décadas converténdose nun dos clubs pioneiros desta modalidade deportiva. Comezou cun grupo de nenas, todas menores de 11 anos, que participaban en partidos de exhibición durante as festas patronais de Meirás, xa que por aquel entón non existía na comarca ningunha competición de carácter oficial na que puideran xogar.

Na tempada 85/86 chegaba o primeiro trofeo oficial, proclamándose Campión de Ferrol. Grazas a este título, o equipo sae por primeira vez da comarca para disputar o Campionato Provincial e o Galego, quedando subcampionas. A partir de aquí chegan máis éxitos, así na tempada 88/89 o Valdetires inicia a súa andaina na División de Honor Feminina, na que permanecería durante 19 anos consecutivos e á que regresaría na tempada 15/16, da que descendería para competir actualmente na Segunda División Nacional.

Durante todos estes anos o Valdetires aportou a selección galega varias xogadoras e outras chegaron a disputar un mundial. Ademais, o club acadou importantes vitorias para o seu palmarés deportivo entre as que destacan, a nivel nacional, como en categorías autonómicas, provinciais e locais.

Todo isto fai que sexa un dos clubs decanos do fútbol sala feminino español e un dos que máis anos consecutivos permaneceu na máxima categoría do Fútbol Sala Feminino Nacional, recibindo así unha mención especial pola Real Federación Española de Fútbol que reconece o traballo realizado durante estas tres décadas. Nestes momentos o Valdetires atópase en Segunda División Nacional e disputará os Playoffs de Ascenso a Primeira División Nacional.

Igual de importante son os seus logros que o traballo que día a día o Valdetires realiza inculcando valores entre as súas xogadoras coma educación, o respecto, compromiso, capacidade de superación... para seguir formando a grandes persoas a través do deporte.

Por iso, dende o Concello de Ferrol debemos amosar o noso compromiso cos clubs deportivos e axudalos cando o precisen pola importante labor que levan a cabo. E neste momento debemos apoiar ao Valdetires Ferrol, atendendo a súa chamada xa que precisa de maneira urxente os compromisos económicos dos anos 2019 e 2020-2021 para garantir a súa continuidade e evitar a súa desaparición, algo que non podemos permitir xa que sería unha gran perda para a nosa cidade.

Tas as sucesivas promesas incumpridas por parte do goberno de Ángel Mato e a imposibilidade incluso de reunirse ou de falar por teléfono co concelleiro delegado de Deportes, os Grupos Municipais PP, FeC e Bng presentan esta moción para o seu debate plenario, solicitando a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar ao goberno municipal a buscar unha solución, antes do inicio da competición o 9 de outubro de 2021, para abonar as cantidades pendentes dos convenios 2019 e 2020-2021 ao Valdetires Ferrol fútbol sala feminino para axudar a garantir a súa continuidade.

Ferrol, 24 de setembro de 2021

José Manuel Rey Varela

Voceiro do GM PP

Iván Rivas Rico

Voceiro do GM BNG

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM FeC